

# CANDIDATURA DE VIGO DO BNG

## ELECCIÓN MUNICIPAL 2019

### 1. Xabier Pérez Igrexas – *Candidato á alcaldía de Vigo*

Xabier P. Igrexas, é natural de Vigo e ten 34 anos. Participou activamente do movemento veciñal da cidade desde moi novo e durante case 15 anos, tanto na Asociación Veciñal Val do Fragoso como tamén na Federación Veciñal Eduardo Chao (FAVEC) da que foi secretario. Fixo parte activa do movemento estudantil chegando a ser secretario xeral a nivel galego dos Comités Abertos de Estudantes (organización actualmente integrada en Erguer - Estudantes da Galiza). Entrou a militar en Galiza Nova e no Bloque Nacionalista Galego en 1999, tendo asumido diferentes responsabilidades tanto na organización xuvenil como na fronte nacionalista.

No eido institucional, como representante de diferentes colectivos, foi membro de organismos municipais como o Consello Social da Cidade, Consello Sectorial de Transportes, Consello Social da Lingua, Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade e mais o Consello Escolar Municipal.

A nivel sindical fai parte da CIG, onde ten asumido diversas responsabilidades. No ámbito xornalístico ten desempeñado como colaborador e columnista en diversos medios de comunicación, como *A Nosa Terra*, *Xornal de Galicia*, *Galicia Hoxe* ou *Sermos Galiza*, entre outros. Profesionalmente traballa como administrativo.

### 2. Maica Rivas Corbacho (*Independente*)

Diplomada e Licenciada en Ciencias Empresariais, está moi vinculada ao ensino público tanto de forma profesional como nai. É profesora no IES Ricardo Mella de Vigo, no que desempeña ademais como coordinadora de Igualdade e participa en proxectos de innovación educativa. Impulsora da ANPA do CEIP Sárdoma Moledo, o seu compromiso en defensa do ensino público levouna a exercer como presidenta de FOANPAS (2016-2018) en cuxa representación fixo parte do Consello Escolar Municipal.

### 3. Elsa Quintas Alborés

Avogada de profesión, é activista da normalización lingüística. Autora da biografía da guerrilleira antifascista Placeres Castellanos. Participou na fundación da Mocidade pola Normalización Lingüística e no movemento estudantil nos anos universitarios. É membro do Consello Comarcal de Vigo do BNG.

### 4. Xerome Calero Prado

Diplomado Universitario Enfermería e traballador do Sergas. Actor e director teatral, fundador da compañía Máscara 17 e Máscara Producións. Activista cultural. Coordinador e creador do programa *Vigo a Escena*. Foi Técnico Asesor da Concellaría de Cultura no período 2007-2011 no Concello de Vigo.

## 5. Raquel Pérez Fernández

Técnica Superior en Prevención de Riscos Laborais. Sindicalista da CIG fai parte da súa Executiva Comarcal en Vigo e mais da Executiva Comarcal da federación de Industria. Participa activamente do movemento feminista da cidade, sendo membra da Marcha Mundial das Mulleres e da plataforma Galegas 8M.

## 6. Dolores Rodríguez Martínez

Médica especialista de recoñecida reputación en aparato dixestivo no CHUVI. Comprometida coa defensa da sanidade pública, pertence a Asociación pola defensa da sanidade pública AGDSP. Militante do nacionalismo desde a súa fundación, é unha das fundadoras da Unión de Traballadores da Sanidade Galega, UTSG, (integrada posteriormente na INTG e na CIG).

## 7. Adrián Rodríguez Bravo

Preparador laboral especialista en emprego con apoio para persoas con diversidade funcional e Técnico superior en Animación Sociocultural. Activista desde moi novo no movemento estudantil galego e na organización xuvenil do BNG, Galiza Nova. Traballou en distintas entidades sociais a prol da inclusión social e laboral das Persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e diversidade funcional da área metropolitana de Vigo.

## 8. Maribel Tato Sánchez

É unha libreira apaixonada desde que abriu unha librería no Calvario no ano 1984, cun claro compromiso co nacionalismo e a cultura e lingua galegas. Tamén é socia fundadora de Kalandraka e de Redelibros, a primeira rede social galega de autoedición.

## 9. Eduardo Ruanova Davila

Técnico industrial na empresa ZF Frank Friederich (antiga Dalphi Metal). Membro do Comité de Empresa pola CIG. Presidente do Colectivo Cultural Alternativo “Malaherba” de Matamá desde 2008.

## 10. María Alonso Castro

Estudante. Militante de Galiza Nova, na que é responsábel da Asemblea de Mulleres comarcal, membro da Dirección Nacional e da Mesa Nacional da súa Asemblea de Mulleres. Activista estudantil en Erguer-Estudantes da Galiza.

- |                                       |                              |
|---------------------------------------|------------------------------|
| 11. <b>Manuel Caride Correa</b>       | Responsábel comarcal do BNG. |
| 12. <b>Ana Martínez Piñeiro</b>       | Traballadora da UVigo        |
| 13. <b>Filipe Abalde Comesaña</b>     | Colectivo Nós                |
| 14. <b>Ernes Rodríguez Pastoriza</b>  | Labrega, membro da AC O Coto |
| 15. <b>Santiago Rodríguez Sánchez</b> | Ensinante (independente)     |
| 16. <b>Belén García Suárez</b>        | Administrativa               |
| 17. <b>Anxo Iglesias Covelo</b>       | Secretario da AV de Teis     |

- |   |   |
|---|---|
| 18. <b>Milde Romero Álvarez</b>                 | Sindicalista                                      |
| 19. <b>Xose A. González Azpeitia</b>            | Traballador de Telefónica                         |
| 20. <b>Carmela González Iglesias</b>            | Funcionaria                                       |
| 21. <b>Pedro Velasco Martínez</b>               | Músico  |
| 22. <b>Lidia Fariña Piñeiro</b>                 | Colectivo de Pensionistas CIG                     |
| 23. <b>Brais Ruanova Vilas</b>                  | Responsábel comarcal de Galiza Nova               |
| 24. <b>Alexandra Vázquez Gomes</b>              | Estudante, membro de ERGUER                       |
| 25. <b>Antolín Alcántara Álvarez</b><br>da CIG. | Ex secretario confederal de Negociación Colectiva |
| 26. <b>Carme Adán Vilamarín</b>                 | Profesora de Filosofía e ex deputada do BNG.      |
| 27. <b>Serafín Otero Fernández</b>              | Responsábel local do BNG.                         |

## Suplencias

- |                                       |                          |
|---------------------------------------|--------------------------|
| 1. <b>Cristina Hermida Moinelo</b>    | Xubilada                 |
| 2. <b>Xose Manuel Atanes Limia</b>    | Profesor                 |
| 3. <b>Amparo Alonso Sanchiz</b>       | Traballadora ferroviaria |
| 4. <b>Xosé Sánchez Blazquez</b>       | AV Novo Vigo (Navia)     |
| 5. <b>Benedicta Expósito González</b> | Traballadora da UVigo    |
| 6. <b>Ricardo Blanco Fernández</b>    | Funcionario              |
| 7. <b>Cristina Álvarez Álvarez</b>    | Bióloga                  |